



En resposta ao escrito que presenta no cal solicita, entre outras cuestións, que dende o Servizo Público de Emprego de Galicia se impartan instrucións as oficinas de emprego sobre a tramitación das ofertas que presente a Administración de Xustiza, informámoslle do seguinte:

Dende esta dirección xeral estableceuse un procedemento para a xestión das ofertas de emprego que presenten as Xefaturas Territoriais de Xustiza de xeito que os resultados a nivel global sexan os máis eficaces e homoxéneos posibles. Esta instrución facilitouse a todas as oficinas de emprego e difundíuse na Intranet do Servizo Público de Emprego de Galicia.

A continuación expoñemos os aspectos máis relevantes que se detallan na instrución dándolle así resposta ao seu escrito:

Cando a Dirección de Xustiza necesita cubrir postos de traballo nos diferentes centros de destino da Administración de xustiza, radicados na Comunidade autónoma de Galicia e as bolsas de cobertura de postos estean esgotadas e/ou non hai candidatos dispoñibles, pode, de acordo co artigo 6 da Orde do 4 de outubro de 2018 sobre selección e nomeamento do persoal interino para cubrir postos de persoal funcionario dos corpos xerais ao servizo da Administración de Xustiza en Galicia, presentar as ofertas de emprego a Emprego Galicia, a través das súas Xefaturas Territoriais, as cales dirixirán estas ofertas a través de REXEL ou correo electrónico (proximamente tamén a través da Oficina Virtual do Empresario, no Portal de Emprego) ás oficinas de emprego de referencia de cada provincia que son as seguintes:

A Coruña: Oficina de emprego Coruña-Centro.

Pontevedra: Oficina de emprego de Pontevedra-Concello.

Lugo: Oficina de emprego de Lugo-Norte.

Ourense: Oficina de emprego de Ourense-A Ponte

-En primeiro lugar, rexistran a oferta de emprego na base de datos do Servizo Público de Emprego de Galicia.

-En segundo lugar, e a través dos procedementos de busca automatizados e establecidos na aplicación, localízanse as persoas que cumpran cos requisitos establecidos polo ofertante. Con carácter xeral nestes procesos extráense a 5 persoas candidatas que o propio sistema ordena segundo a data de inscrición.

En resposta a súa consulta sobre a creación de perfiles profesionais para cubrir os postos da Administración de Xustiza informamos que nas sondaxes terase en conta as seguintes ocupacións e niveis formativos segundo os postos de traballo a cubrir:

-Postos de **xestión procesual** (A2): Ocupación solicitada Técnico de Servizos Xurídicos e o nivel formativo 54 (Diplomatura universitaria ou superior)

-Postos de **tramitador procesual** (C1): Ocupación solicitada Técnico de Servizos Xurídicos e o nivel formativo 32 ou superior (Bacharelato superior).



-Postos de **auxilio xudicial** (C2): Ocupación solicitada de Axente Xudicial. Nivel formativo 23 (graduado escolar/ESO ou superior).

Nesta sondaxe tamén se terá en conta que as persoas preseleccionadas pola oficina de emprego teñan mecanizada na súa demanda de emprego a dispoñibilidade específica 38 “Perfil Administración de Xustiza Xunta de Galicia”, que se lle incorporará a todo candidato que acredite algún dos seguintes requisitos:

1. Superación dalgún exame nas oposicións á administración de xustiza dende o ano 2008.

ou

2. Experiencia laboral de polo menos 2 meses na administración de xustiza, acreditable con certificación das unidades de persoal da propia Administración de Xustiza.

Estas ofertas son difundidas no Portal de Emprego de Galicia para que aquelas persoas interesadas e que cumpran cos requisitos establecidos polo ofertante soliciten a súa vinculación a oferta. A difusión das ofertas no Portal de Emprego de Galicia realízase en todos os casos salvo que o prazo que fixe a oferta faga imposible que a difusión pública acade a súa finalidade, debido a que a oferta deba quedar pechada con anterioridade ao momento no que se poida dispoñer dos datos das persoas candidatas que se postulen.

Dende Emprego Galicia procedese a incorporar á oferta de emprego tanto ás persoas obtidas a través da sondaxe da oficina así como ás persoas que solicitaran a súa vinculación sempre e cando cumpran os requisitos; no caso de que unha persoa que solicite a vinculación non dispoña dos requisitos mecanizados na súa demanda de emprego, a oficina de emprego poñerase en contacto con esa persoa para comprobar se dispón dos ditos requisitos. En caso afirmativo a persoa será vinculada a oferta de emprego.

No caso de existir máis persoas preseleccionadas que o número de persoas que solicite o ofertante procederase a ordenalas segundo a data de inscrición e enviaranse segundo esa orde o número de persoas solicitado.

O número de persoas candidatas a enviar por cada oferta de emprego establece o propio ofertante na súa solicitude; no caso de que este non estableza un número concreto de persoas o criterio xeral é enviar a 5 persoas por cada posto ofrecido.

O proceso de baremación e a selección definitiva da persoa a contratar é competencia da Administración de Xustiza, que comunicará o resultado da selección a oficina de emprego correspondente.

Santiago de Compostela,
A directora xeral de Formación e Colocación
Zeltia Lado Lago

